

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

1783 *Real decreto 44/2019, do 8 de febreiro, polo que se modifica o Regulamento de destinos do persoal militar profesional, aprobado polo Real decreto 456/2011, do 1 de abril.*

O Real decreto 577/2017, do 12 de xuño, polo que se modificou o Regulamento de destinos do persoal militar profesional, aprobado polo Real decreto 456/2011, do 1 de abril, introduciu un novo artigo 27 bis con novos supostos de asignación de destinos por circunstancias excepcionais de conciliación da vida profesional, persoal e familiar, establecidos pola Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, modificada pola Lei 46/2015, do 14 de outubro.

Unha vez analizado este artigo 27 bis, así como o artigo 27, no cal se asignan destinos ás militares vítimas de violencia de xénero, para mellorar a efectividade buscada coa asignación destes destinos, cómpre aclarar ou detallar cuestións que se consideran insuficientemente definidas en ambos os artigos.

Por outra parte, para mellorar o tránsito da vida militar á vida civil dos militares profesionais con compromisos temporais, establécese a posibilidade de poder solicitar destino cando se acercan á data de desvinculación por idade, permitindo a asignación cando poidan cumprir un ano de tempo nel, de maneira análoga á que existe para os militares de carreira cando pasan á reserva.

Para facilitar a xestión do persoal en servizo activo pendente de asignación de destino e cumprir cos prazos definidos no artigo 14.6, dispónse a posibilidade de que nas publicacións de vacantes específicas para este persoal se poida delimitar para unha zona concreta de escalafón.

Tamén se establece unha serie de melloras, que a experiencia acumulada desde a entrada en vigor do regulamento demandaba, relacionadas coa asignación de vacantes ao militar que teña previsto o ascenso, a asignación de vacantes de concurso de méritos e a asignación de vacantes aos militares que, como consecuencia da instrución dun expediente para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas, fosen declarados útiles e aptos para o servizo ou aptos con limitacións para ocupar determinados destinos.

Finalmente, para cubrir o baleiro legal existente, establécese unha nova causa de cesamento no destino, cando, como resultado de ter superado un proceso selectivo, un militar é nomeado funcionario en prácticas noutra Administración para realizar unha fase de prácticas ou un curso selectivo.

Durante a súa tramitación, sobre o proxecto deste real decreto emitiron informe as asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, emitiu informe sobre el o Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Este real decreto adécuase aos principios de boa regulación conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa legislativa e a potestade regulamentaria, como son os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de febreiro de 2019,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de destinos do persoal militar profesional, aprobado polo Real decreto 456/2011, do 1 de abril.*

O Regulamento de destinos do persoal militar profesional queda modificado como segue:

Un. Engádesse un segundo parágrafo ao número 4 do artigo 6, coa seguinte redacción:

«Nas publicacións específicas para o persoal militar que se encontre na situación de servizo activo pendente de asignación de destino, as vacantes que fosen publicadas e declaradas desertas en publicacións anteriores poderán delimitarse para zonas concretas de escalafón, para os efectos de facilitar o cumprimento do disposto no artigo 14.6.»

Dous. Modifícase o número 7 do artigo 6, que queda redactado do seguinte modo:

«7. As vacantes publicaranse nas datas que determine o ministro de Defensa. Con carácter xeral, procurarase que a incorporación aos novos destinos se realice durante o período estival, co obxecto de facilitar a escolarización dos fillos naqueles casos que supoñan cambio de localidade.»

Tres. Engádesse un último parágrafo ao número 5 do artigo 7, coa seguinte redacción:

«O militar afectado polo contido deste número poderá quedar exento do cumprimento do prazo de mínima permanencia no destino que ocupe para optar a unha vacante asignada ao emprego inmediato superior, de acordo coas condicións que estableza mediante orde o ministro de Defensa.»

Catro. Modifícase o número 2 do artigo 10, que queda redactado do seguinte modo:

«2. O director xeral de Persoal e os mandos ou xefe de Persoal dos Exércitos establecerán os baremos dos méritos cuantificables, incluíndo neles unha puntuación que, como máximo, poderá alcanzar a que se determine nos ditos baremos para a antigüidade nos seguintes supostos:

a) O destino previo do cónxuxe ou parella de feito, militar ou funcionario, no municipio onde radique a vacante solicitada, sempre que se acceda desde municipio distinto ou desde a situación de servizo activo pendente de asignación de destino.

b) O coidado de fillos, tanto cando o sexan por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo, até que o fillo faga os doce anos, sempre que os interesados acrediten fidedignamente que a vacante que se solicita permite unha mellor atención ao menor.

c) O coidado dun familiar, até segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade sempre que, por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída, sempre que se acceda desde un municipio distinto ou desde a situación de servizo activo pendente de asignación de destino, e sempre que os interesados acrediten fidedignamente que a vacante que se solicita permite unha mellor atención do familiar. A valoración deste suposto será incompatible coa outorgada polo coidado de fillos.»

Cinco. Modifícase o número 7 do artigo 14, que queda redactado do seguinte modo:

«7. Non se asignará destino cando se prevexa que o petionario dunha vacante non poida desempeñalo durante o tempo mínimo de permanencia exixido.

Para os destinos en territorio nacional, exceptúase desta norma o solicitante que se encontre afectado por disolución, traslado ou variación orgánica da súa unidade, se encontre na situación de servizo activo pendente de asignación de destino ou estea previsto o seu cesamento no destino por algunha das causas establecidas nas letras l), ñ) e p) do artigo 25.4 antes da data de cobertura da vacante, se esta figura na publicación.

Tamén se exceptuarán do cumprimento do tempo mínimo de permanencia para os destinos en territorio nacional o militar de carreira que teña previsto pasar á situación de reserva e o militar de complemento ou profesional de tropa e marifeiría con compromiso de longa duración que finalice o seu compromiso por idade, se poden cumprir un ano de permanencia no destino.»

Seis. Modifícase o número 2 do artigo 18, que queda redactado do seguinte modo:

«2. O militar que, como consecuencia do resultado dun expediente para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas, fose declarado útil e apto para o servizo e o que fose declarado útil con limitación para ocupar determinados destinos sen ser a dita limitación consecuencia do servizo terán dereito preferente para ocupar as vacantes, adecuadas á súa condición psicofísica, que se asignen por concurso de méritos ou antigüidade nas relacións de postos militares, do exército ou corpo común de pertenza, correspondentes a unidades localizadas no mesmo termo municipal que a súa última unidade de destino en territorio nacional. Este dereito manterase durante seis meses desde a resolución do expediente e non poderá ser destinado forzoso até a finalización do dito período.

Se durante a tramitación do expediente para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas, o militar ascende ao emprego superior e, como consecuencia deste ascenso, lle corresponde o cesamento no destino que ocupaba na data de inicio do expediente, perderá o dereito preferente a que se fai referencia no parágrafo anterior.

Tampouco desfrutará deste dereito preferente o militar que no momento de inicio do citado expediente non estea ocupando un destino.»

Sete. Renoméase a letra r), que pasa a ser a s), e engádese unha nova letra r) ao artigo 25.4, que queda redactada do seguinte modo:

«r) Ser nomeado funcionario en prácticas noutro corpo da Administración.»

Oito. Modifícanse os números 3 e 5 do artigo 27, que quedan redactados do seguinte modo:

«3. O novo destino deberá figurar nunha relación de postos militares e encontrarse vacante. A militar deberá reunir os requisitos de ocupación exixidos na relación de postos militares.

Se non existe un posto vacante, crearase un específico no termo municipal solicitado, pertencente á relación de postos militares do exército de pertenza. No caso de que a militar pertenza a calquera dos corpos comúns, a creación do posto realizarase na relación de postos militares do órgano central.

Os postos creados na relación de postos militares poderán non figurar no cadro de persoal orgánico.»

«5. O destino asignarase mediante resolución comunicada sen publicación previa da vacante, para os efectos de indemnizacións terá carácter forzoso e o cesamento no seu anterior destino será inmediato. Estas solicitudes seguirán unha tramitación preferente e urxente. O destino asignado estará exento do prazo de mínima permanencia para solicitar outro destino.»

Nove. Modifícanse os números 1 e 5 do artigo 27 bis, que quedan redactados do seguinte modo:

«1. O militar que, en aplicación do artigo 101.7 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, solicite a asignación temporal dun destino por circunstancias excepcionais de conciliación da vida profesional, persoal e familiar, farao para un termo municipal onde existan vacantes na relación de postos militares do seu exército. O militar deberá reunir os requisitos de ocupación exixidos na relación de postos militares.

Se non existe un posto vacante, crearase un específico no termo municipal solicitado, pertencente á relación de postos militares do exército de pertenza. No caso de que o militar pertenza a calquera dos corpos comúns, a creación do posto realizarase na relación de postos militares do órgano central.

Os postos creados na relación de postos militares poderán non figurar no cadro de persoal orgánico.»

«5. A asignación destes destinos realizarase con carácter voluntario, sen publicación previa da vacante, por un tempo de máxima permanencia de tres anos, e poderá ser ampliado até os cinco anos se persisten as circunstancias que determinaron a súa concesión. O destino asignado estará exento do prazo de mínima permanencia para solicitar outro destino.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de febreiro de 2019.

FELIPE R.

A ministra de Defensa,
MARGARITA ROBLES FERNÁNDEZ